



MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA A REALIZACIÓN DAS V XORNADAS HISPANO-LUSAS DE HISTORIA DO DEREITO.

1.-O Decreto 72/2013, do 25 de abril, establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, modificado polo Decreto 11/2015 de 5 de febreiro. Establece que este é o órgano da Administración autonómica que ten atribuído o exercicio das competencias en materia de xustiza

2.- **Antecedentes:** A Universidade de Santiago de Compostela é unha institución pública dotada de plena personalidade xurídica e patrimonio propio, que asume e desenvolve as súas funcións mediante o estudo, a docencia e a investigación, actividades para as que goza de autonomía, recollida no artigo 27 da Constitución, nos seus estatutos e demais lexislación vixente.

Esta entidade vén organizando xornadas, seminarios, cursos, encontros e estudos sobre materias relacionadas, directa ou indirectamente, coas actividades máis relevantes na nosa Comunidade Autónoma.

Ambas partes teñen interese común na promoción do estudo do desenvolvemento histórico do control xudicial, incluíndo unha panorámica actual do control e responsabilidade dos xuíces que sirva de complemento á experiencia histórica que se analizará nas Xornadas.

3.- **Finalidade:** Para os efectos sinalados, con data 4 de xullo de 2016, asinouse coa *Universidade de Santiago de Compostela* o instrumento convencional arriba referido con unha vixencia que non excederá do 30 de decembro do 2016.

O convenio ten por obxecto fixar as bases de colaboración ente ambas entidades para a realización das V Xornadas Hispano-Lusas de Historia do Dereito "A experiencia histórica do control e responsabilidade xudicial en España e Portugal (séculos XVI – XX) que terán lugar en Santiago de Compostela ao longo do mes de setembro de 2016.

5.- O instrumento convencional asinado fundaméntase no seguinte:





A USC é unha entidade que leva a cabo actividades de promoción e fomento do estudo do Dereito, e dentro de tales funcións está a de desenvolver as xornadas obxecto do presente convenio, no que a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza considera axeitado colaborar.


6.- A Vicepresidencia e Consellería Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza achegará a USC a cantidade de TRES MIL EUROS (3.000 €) que se imputarán á aplicación orzamentaria 05.21.121A.444.0.

7.- Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4.2 da dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

É canto se especifica, en cumprimento do establecido na Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, así como na *Ley 19/2013, de 9 de diciembre, de transparencia, acceso a la información pública y buen gobierno*, no relativo á publicidade e rexistro dos convenios.

Santiago de Compostela, 4 de xullo de 2016

A secretaria xeral técnica



Beatriz Quiña Barja



DILIXENCIA DE CONSTANCIA

Esténdoa eu, José Ramón Pardo Cabarcos, subdirector xeral de Réxime Xurídico, para facer constar que a memoria que segue, que leva por título *Memoria Xustificativa do Convenio de colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a Universidade de Santiago de Compostela para a realización das V xorandas Hispano-Lusas de historia do dereiro*, é unha imaxe obtida mediante o escaneamento íntegro da memoria orixinal, que foi asinada de forma manuscrita o 4 de xullo de 2016.

E para que produza efectos cara a súa inscrición no Rexistro de Convenios do Sector Autonómico de Galicia, asino electronicamente a presente dilixencia.

